



VOCAIS FINAIS EN GALEGO E EN PORTUGUÉS: UN ESTUDIO ACÚSTICO

Xosé Luis Regueira

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Os estudos contrastivos co portugués son de grande interese para a lingüística galega, e tendo en conta algúns dos problemas que o galego encontra para desenvolver un estándar en situación de contacto lingüístico (Regueira 1997, 1999), sono de maneira particular os estudos de fonética e prosodia.

Dentro dos traballos de descrición acústica da fonética galega, o estudio das vocais átonas era unha cuestión pendente ata estes últimos anos, en que tratamos de propiciar a realización de traballos nesa dirección desde o Departamento de Filoloxía Galega e do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. O máis importante deles ata o momento é o de Molinos Castro (2002), que fai unha descrición acústica das vocais finais en falantes dos concellos de Outes e de Lousame, no bloque lingüístico occidental. Tamén no marco dun seminario de terceiro ciclo, Aida Sampaio Lemos, profesora da Universidade do Minho, deseñou un cuestionario seguindo os mesmos criterios e gravouno en mulleres do norte de Portugal¹. Para o traballo que agora presento realicei novas gravacións con mulleres da área de Vilalba, nun punto xeográfica e lingüisticamente afastado do escollido por Molinos Castro, co obxectivo de corroborar ou contrastalos resultados obtidos por esta autora e tamén de comparalos coas mostras do portugués setentrional.

2. As descrições das vocais finais en galego e en portugués

As gramáticas e os manuais de lingua, así coma case tódolos estudos de falas, céntranse na descrición do sistema fonolóxico, e por tanto sobre o

¹ Quero expresarlle o meu agradecemento á profesora Aida Sampaio Lemos por poñer amablemente á miña disposición estas gravacións para a realización deste traballo.

vocalismo final conténtanse con explica-la redución do sistema vocálico a tres ou a cinco unidades fonemáticas. Non obstante, xa desde Veiga (1976: 75) aparecen algunhas observacións sobre o timbre diferente das vocais átonas do galego respecto do castelán, especialmente en posición final. Nos últimos dez anos numerosos traballos tocaron esta cuestión.

Algúns trazos do contraste entre as vocais átonas finais coas vocais tónicas do galego foron sinalados en Regueira (1989: 56): “As realizacións das vocais medias [átonas en posición final] adoitan ser moi débiles, de maneira que ás veces en final de período pode oírse un son vocálico enxordecido e moi relaxado, sobre todo tras consoantes xordas”. A existencia destas realizacións reducidas e enxordecidas foi mostrada instrumentalmente en Regueira (1994: 52) e en Kabatek (2000: 125-142), en contraste con modelos fónicos influídos polo español. Ademais, en Regueira (1997: 189-191) preséntanse algunhas mostras espectrográficas da variacións no grao de redución destas vocais entre galegofalantes. Nas análises de textos informativos da TVG e de textos lidos por estudantes universitarios presentadas en Regueira (2002) resultou que o 24% das vocais finais de enunciado fonolóxico (U nos termos de Nespor & Vogel 1986) son realizadas polos locutores da televisión con voz rota (*creaky voice*), caracterizada por presentar vibracións glotais irregulares (Ladefoged & Maddieson 1996: 53) e outro 20% sen voz, mentres que os universitarios realizaron como non voceadas o 71% destas vocais (Regueira 2002: 304).

Tocante ó timbre das vocais non enxordecidas, nas descrições tradicionais só se constata que se trata de vocais de timbre pechado, case sempre coa intención de marcar que a vocal posterior arredondada non se realiza como [u], en contra da percepción de moitos falantes de español non galegos e en contraste co portugués (p.e., Carballo Calero 1979: 112; García González 1985: 59). No seu estudio da fala da comarca de Ferrol, Porto Dapena (1977: 22) sinala a existencia dunha vocal posterior labial máis pechada ca [o] en final de palabra “en los pueblos menos influenciados por la ciudad”.

Unha descripción máis completa é a de Vidal Figueiroa (1997: 327-328), quen defende a existencia nas vocais átonas de procesos de “elevación e centralización”, que darían lugar á aparición de realizacións vocálicas [ɪ], [ʊ], [ə] e [ɐ] tamén en posición final: *noit*[ɪ], *pich*[ɪ]; segundo Vidal, a realización [ə] “a miúdo alterna con [ɪ] (ou resulta difícil determinar de oído cal das dúas vocais foi emitida). É unha vocal moi breve, de baixa intensidade, e con voz (‘sonoridade’) diminuída ou mesmo ausente. En certos contextos chega a desaparecer por completo, como en posición final absoluta, precedida de sibilantes (p.e. [oʃ], [paˈrɛʃ])” (328). A elevación das vocais átonas nesta posición é corroborada na fala de Santiago de Compostela por Dubert García (1999: 38), quen en cambio non apoia a existencia da centralización proposta por Vidal Figueiroa, e polo tanto transcribe as vocais resultantes como [ɛ] (e mesmo [i]) e [ɔ] (coa anotación “nunca xurde [u]”).

Aínda que nestes dous traballos non se establece unha comparación explícita co portugués, salta á vista que os procesos de elevación e centralización mencionados por Vidal Figueiroa son coincidentes cos que se verifican no portugués europeo, mentres que Dubert García presenta unhas vocais átonas distintas das portuguesas en canto que non están centralizadas. O único

estudio explicitamente contrastivo, ata o de agora, que aborda esta cuestión é o de Álvarez Blanco (1991): “Aínda que o vocalismo átono é menos definido có tónico, en galego non chega ós graos de relaxamento do portugués. Salvo en circunstancias moi especiais (...), en galego non se chega nunca ó cero fónico, nin á realización da vocal como unha palatalización ou unha velarización da consoante precedente. Tampouco se dan en galego vocais neutras, como [ə] do portugués” (523). As realizacións do galego son transcritas como [e, a, o], en tanto que as do portugués europeo o son como [ə, ɐ, u] (522). As palabras de Álvarez son recollidas case literalmente en Freixeiro Mato (1998: 94).

O traballo de Molinos Castro (2002) é o único estudio instrumental sistemático das vocais finais publicado ata o momento. Nel descríbense as vocais finais en contexto de consoantes oclusivas en tres situacións prosódicas diferentes (dúas no interior e unha no final de enunciado fonolóxico), e demóstrase a existencia de elevación e de centralización nas realizacións vocálicas de 15 homes e 15 mulleres de diferentes grupos de idade dos concellos de Outes e Lousame. Eses procesos son máis marcados en interior de enunciado fonolóxico (84-85), mentres que en posición final de U, onde as vocais teñen unha duración maior e unha intensidade menor ca nas outras posicións (74-76), a elevación é menor e a centralización moi lixeira (87-88). Nesta última posición moitas das realizacións carecen de voz ou mesmo non se rexistra resto da vocal (63-64 e táboa 10, p. 72).

Nos estudos de fonoloxía do portugués europeo, os procesos de elevación das vocais átonas forman parte da descrición canónica da fonoloxía desa lingua (cfr. Cunha & Cintra 1984: 39; Mateus et al. 2003: 1013). Na súa fonoloxía do portugués, Mateus & d’Andrade (2000: 134) transcriben as vocais átonas reducidas como [i] (“the realization of non-high [-back] vowels”), [ɐ] e [u] (“the realization of [+round] vowels”), e constatan a desaparición das vocais átonas diferentes de [ɐ]: “In EP the unstressed vowel [i] is usually deleted in colloquial speech”, “Word-final unstressed [u] can also be deleted (*bato* [bátu] / [bát] ‘I beat’), but this is not such a frequent phenomenon as [i] deletion” (Mateus & d’Andrade 2000: 18).

3. Procedemento

Para este traballo, catro informantes de sexo feminino, de idade comprendida entre os 35 e os 55 anos, dúas nadas no concello de Vilalba e outras dúas no de Xermade, leron dúas veces unha lista de frases e de palabras soltas. Os datos do portugués proceden da gravación da lectura dun cuestionario similar por cinco informantes de entre 35-50 anos de idade, de Felgueiras (distrito do Porto) e Guimarães (distrito de Braga). Tódalas gravacións foron efectuadas nos domicilios das informantes.

Os cuestionarios trataban de asegurar que os datos fosen comparables entre si e cos de Molinos Castro (2002). Por tanto, graváronse as tres vocais finais de palabra que se rexistran no galego patrimonial, en contexto de consoantes oclusivas e en tres situacións prosódicas diferentes: dúas en interior de enunciado fonolóxico (en situación previa e posterior a un foco,

designadas no sucesivo S1 e S2), en contexto p_p , k_k e t_t , e outra en final de U precedidas das oclusivas $p_$, $k_$ e $t_$ (de aquí en diante S3). Os datos das vocais portuguesas corresponden soamente ós contextos p_p e $p_$, respectivamente, o que se terá en conta á hora de establecer comparacións.

As gravacións dixitais foron procesadas a 14000 mostras por segundo e analizadas co programa Multi-Speech de Kay Elemetrics no Laboratorio de Fonética do Instituto da Lingua Galega. Os datos de formantes foron obtidos mediante LPC (posición 12), tendo en conta tamén o espectro (FFT) e o espectrograma. A medición da duración efectuouse sobre o oscilograma e a intensidade máxima obtívose directamente a través do cálculo de enerxía do Multi-Speech, que efectúa un cálculo similar ó RMS.

4. Vocais finais no galego de Vilalba

As mostras gravadas en falantes de Vilalba revelan que en interior de U aparecen sempre vocais con voz e case sempre con formantes visibles, aínda que normalmente a duración e a intensidade aparecen reducidas e a altura dos formantes está modificada respecto da vocal tónica correspondente, polo que a impresión auditiva da vocal é claramente diferente. Nalgunhas ocasións percíbese soamente un zunido glotal e no espectrograma e no espectro só se rexistran os harmónicos máis graves, sen que resulte posible detectar formantes.

En posición final de U (S3) cerca do 30% das vocais está realizada con “voz rota” (*creaky voice*), e outro 30% das realizacións vocálicas son non voceadas. Estas últimas son sempre ocorrencias das vocais máis altas, especialmente da non posterior [e]:




Gráfico 1. Oscilograma e espectrograma de [koŋtɐ] en final de enunciado (inf. L)

Máis raramente a vocal desaparece sen deixar rastro visible no espectrograma:




Gráfico 2. Oscilograma e espectrograma de *limpo* ['limp] en final de enunciado (inf. L)

As vocais analizadas presentan os valores medios e a desviación típica que se presentan na Táboa 1 para as tres situacións prosódicas estudadas, xunto cos valores correspondentes ás vocais tónicas nas mesmas informantes e nos mesmos contextos segmentais:

Táboa 1						
sit	vocal	valor	F1	F2	F3	F4
S1	e	media	439,25	1790,83	2661,00	3918,08
		desv	57,11	81,82	160,86	136,35
	a	media	612,17	1441,67	2571,17	3825,92
		desv	82,27	146,62	169,73	172,26
	o	media	451,45	1030,91	2593,55	3789,36
		desv	49,71	199,14	212,56	446,31
S2	e	media	417,70	1754,00	2644,60	3824,60
		desv	48,45	74,24	196,28	173,78
	a	media	589,33	1423,50	2558,25	3868,50
		desv	71,07	97,02	210,30	165,03
	o	media	418,30	1042,10	2574,90	3753,90
		desv	41,89	232,32	224,30	260,92
S3	e	media	383,14	2083,29	2727,14	3900,43
		desv	42,86	68,00	199,00	113,89
	a	media	658,00	1494,90	2521,90	3667,00
		desv	63,97	103,69	127,91	283,25
	o	media	316,75	955,25	2499,25	3694,25
		desv	92,83	100,39	196,27	303,56

tónica	[i]	media	300,92	2437,25	2980,75	3881,33
		desv	41,78	76,71	196,38	215,96
	[e]	media	473,17	2212,08	2765,75	3779,33
		desv	58,92	86,21	121,60	331,89
	[ɛ]	media	579,60	2015,70	2644,20	3777,60
		desv	68,83	59,14	186,12	238,67
	[a]	media	823,00	1518,42	2563,92	3697,50
		desv	66,35	107,50	376,94	261,49
	[ɔ]	media	613,82	1114,24	2393,88	3658,29
		desv	53,34	120,19	221,66	152,46
	[o]	media	506,44	981,44	2565,56	3647,56
		desv	45,59	169,77	148,35	233,54
	[u]	media	333,83	858,92	2632,00	3745,67
		desv	56,70	199,49	250,69	178,33

Valores medios e desviación típica das vogais finais en cada contexto e das vogais tónicas

A respecto dos datos presentados na táboa 1, debe terse en conta que nas vogais máis altas en S3 resulta case sempre difícil determina-la frecuencia dos formantes a través do LPC ou doutras análises. En particular para a vogal posterior, os valores medios corresponden a catro exemplos de dúas falantes (M e R), xa que no resto ou non existe vogal con voz ou resultaron inanalizables. As tres realizacións de M son tanto perceptiva coma acusticamente moi semellantes á vogal [u], aínda que moi débiles.

Ó leva-los valores medios para F1 e F2 das tres vogais en tódolos contextos estudados xunto cos valores das vogais tónicas a unha carta de formantes, resulta o Gráfico 3:




Gráfico 3. Vogais tónicas e vogais átonas finais nas falantes de Vilalba

Faise visible neste gráfico unha notable centralización das vocais, menos acusada en S3, das vocais átonas finais respecto das tónicas. A vocal baixa ascende ata a altura das vocais [ɛ] e [ɔ] tónicas, e as vocais non baixas ascenden lixeiramente respecto das tónicas [e] e [o]. A centralización é máis acusada na vocal non posterior. En final de enunciado (S3) as vocais non baixas ascenden máis e están menos centralizadas, situándose nas posicións de [ɪ] e [u], respectivamente (para a vocal posterior téñase en conta o dito máis arriba).

No gráfico 4 preséntanse os resultados obtidos para a duración. Para que os datos resultasen comparables e significativos, preséntase a porcentaxe de diminución da duración da vocal átona final respecto da vocal tónica na mesma palabra. No gráfico pode verse que estas vocais presentan unha duración máis reducida en posición interior de enunciado fonolóxico, onde o conxunto das vocais está reducido respecto da duración das tónicas das mesmas palabras nun 33,71% para a S1 e nun 32,48% para S2. A redución é máis moderada en situación final, en que como media se acurtan as vocais nun 21,41%. Neste último caso as desviacións son maiores, xa que as realizacións oscilan entre vocais en certos casos máis longas cás tónicas e vocais moi reducidas.




Gráfico 4. Reducción porcentual da duración da vocal átona final respecto da tónica precedente

As vocais finais de enunciado, máis longas e con formantes menos centralizados, presentan en cambio unha intensidade moi débil, arredor de 10 dB menor cá vocal tónica precedente. Esta caída de enerxía é moi superior á que se rexistra nas vocais en S1 e S2, que se sitúa entre 2,5 e 5 dB respecto da vocal tónica.

5. Vocais finais en Vilalba e en Outes/Lousame

Aínda que nas gravacións de Molinos Castro (2002) o número de vocais enxordecidas ou desaparecidas é maior ca na nosa mostra, as tendencias coinciden de maneira notable coas mostradas para o vocalismo final en Vilalba. Tocante á frecuencia dos formantes vocálicos, se superpoñemos os correspondentes a F1 e F2 sobre unha carta de formantes, estas coincidencias fanse visibles (para estas comparacións, só utilizamos os datos correspondentes ás informantes femininas de Outes e Lousame):




Gráfico 5. Vocais tónicas e átonas finais en interior de enunciado (S1 e S2) en Vilalba e en Outes/Lousame

Ademais de resultaren moi semellantes os triángulos das vocais tónicas, os valores medios das vocais átonas finais en S1 e S2 coinciden de maneira notable. Algo maiores son as diferencias entre as vocais en posición S3, como se ve no gráfico 6:




Gráfico 6. Vocais tónicas e átonas finais en final de enunciado (S3) en Vilalba e en Outes/Lousame

Nas falantes de Vilalba as vocais non arredondadas están máis centralizadas, mentres que a vocal arredondada está máis próxima ós valores de [u]. A escaseza de datos para esta posición fai que sexa preciso reunir máis información para poder ter unha descrición máis precisa e fiable das realizacións desta última vocal.

En calquera caso, a coincidencia entre estas dúas falas galegas permite supoñer que este comportamento é xeral nas vocais do galego falado.

6. Vocais finais no portugués do norte

Nas frases do noso corpus, en posición interior de enunciado (S1 e S2) os exemplos para as vocais máis elevadas son moi escasos, xa que o máis frecuente é que desaparezan ou en todo caso que se perciba un zunido glotal que non presenta formantes detectables (o “apagamento” das vocais átonas do portugués europeo). A vocal máis baixa, en cambio, sempre se mantén, aínda que é frecuente que presente realizacións bastante reducidas en duración e intensidade. O 60% das vocais non posteriores e das posteriores arredondadas desaparece, detectándose soamente a apertura da oclusión, coma no gráfico 7:




Gráfico 7. Oscilograma e espectrograma da secuencia [ẽ'kapp'kenoʃ] ([*Não*] encape pequenos [livros]) en I4

En varios exemplos a sucesión de dúas aperturas de oclusiva, coma a mostrada no gráfico 7, redúcese a unha soa.

En posición final de enunciado, polo contrario, e en contra do descrito nas fonoloxías do portugués, consérvanse as realizacións vocálicas en tódolos exemplos do corpus (nalgúns casos emitidas con voz rota). Posiblemente

este mantemento das vocais se deba a seren frases lidas e non de fala espontánea. Un exemplo de vocal non posterior (centralizada) mantida nesta posición vese no gráfico 8:




Gráfico 8. Oscilograma e espectrograma da secuencia [ẽ'kapi] ([*Não os*] encape)

Dado que este comportamento de redución e de mantemento é moi distinto do visto en galego, é de esperar que os datos de duración e de intensidade presenten diferencias importantes. A comparación entre o gráfico 4 (arriba) e o gráfico 9, a continuación, permite constatar que o portugués presenta unha redución moito maior das vocais finais átonas en tódolos contextos cá vista para as falas galegas:




Gráfico 9. Redución porcentual da duración da vocal átona final respecto da tónica precedente

Canto á intensidade, o comportamento do portugués europeo é diverxente do galego, en canto que a maior redución se constata na situación S1 (entre 4,14 dB para [ɐ] e 13 dB para [u]), sendo os demais valores en xeral de redución moderada (entre 0 e 4 dB). Téñase en conta, sempre, que en S1 e S2 hai moi poucos exemplos das vocais altas, como xa se dixo.

Deixando á parte estas diferencias, e atendendo á frecuencia dos formantes das vocais realizadas que resultan analizables, obtivéronse para o portugués os resultados da táboa 2, que tamén presenta os valores para as vocais tónicas no mesmo contexto de oclusivas bilabiais. Nas posicións S1/S2 só se puideron analizar dous exemplos de [i] e un de [u]:

Táboa 2						
vocal	sit	valor	F1	F2	F3	F4
[i]	S1/S2	media desv	314,50 30,41	1635,00 66,47	2784,50 111,02	4180,00 412,95
[ɐ]	S1/S2	media desv	510,67 84,07	1374,50 99,11	2770,67 118,48	3889,17 183,12
[u]	S1/S2	media desv	326,00	831,00	2838,00	3833,00
[i]	S3	media desv	424,25 54,51	1976,50 145,64	2915,75 72,05	4013,00 309,75
[ɐ]	S3	media desv	672,67 146,53	1560,00 66,16	2861,67 282,29	4113,00 146,64
[u]	S3	media desv	380,25 47,04	977,75 84,65	2658,75 94,57	3719,50 192,15
[i]	tón	media desv	366,20 17,98	2549,20 228,08	2957,20 206,42	4085,40 108,13
[e]	tón	media desv	417,80 33,91	2378,60 107,46	2951,80 110,67	4111,80 34,30
[ɛ]	tón	media desv	584,60 43,95	2342,00 150,32	3120,40 80,38	4267,00 161,98
[a]	tón	media desv	959,60 98,75	1644,20 38,67	2841,60 253,04	4039,80 218,64
[ɔ]	tón	media desv	677,00 66,02	1096,20 101,86	2917,80 344,12	3858,40 434,22
[o]	tón	media desv	451,60 46,78	933,00 69,26	2929,60 296,31	4026,00 254,06
[u]	tón	media desv	377,20 19,72	862,40 72,17	2908,60 292,19	4030,40 282,02

Valores medios e desviación típica para as vocais finais e para as vocais tónicas en contexto labial nas falantes portuguesas

Levados os datos de F1 e F2 das vocais tónicas e das vocais en S1/S2 do portugués sobre unha carta de formantes, xuntamente cos obtidos para as falantes de Vilalba no mesmo contexto segmental, obtense o gráfico 10:




Gráfico 10. Triángulos acústicos das vocais tónicas e das vocais átonas en S1/S2 no portugués e no galego de Vilalba

Nas realizacións das vocais tónicas as falantes portuguesas teñen valores máis elevados para F2, así como para F1 na vocal baixa. Ademais, as súas vocais altas están moi próximas ás non altas /e/ e /o/, máis elevadas cás correspondentes galegas. A impresión auditiva correspóndese cos datos acústicos, e nalgúñas falantes non resulta posible distinguir entre as realizacións de *popa* e as de *pupa*, p.e.

Verbo das vocais átonas en interior de enunciado fónico, as vocais altas portuguesas sitúanse na liña das vocais altas tónicas /i/ e /u/, mentres que as galegas son notablemente máis baixas, aínda que tenden a elevarse e a centralizarse de maneira semellante ás do portugués.

Os resultados comparados para a posición final de enunciado preséntanse no gráfico 11:




Gráfico 11. Triángulos acústicos das vocais tónicas e das vocais átonas en S3 portugués e no galego de Vilalba en contexto de oclusivas bilabiais

Nesta posición as vocais finais presentan resultados acústicos semellantes no portugués e no galego de Vilalba (aínda que os formantes da vocal posterior arredondada corresponden a un único exemplo, xa que en tódolos demais ou non hai vocal voceada ou se rexistran só os harmónicos máis graves).

7. Elevación e centralización nas vocais finais do galego e do portugués

A pesar de que os resultados acústicos das vocais analizadas aquí para o galego e para o portugués non son moi distantes, para avalialos procesos de centralización e de elevación é preciso considerala posición relativa das vocais átonas respecto das tónicas en cada unha destas variedades.




Gráfico 12. Triángulo das vocais finais no portugués respecto das vocais tónicas

A elevación das vocais é moi marcada en S1/S2 (interior de enunciado), en que a vocal máis baixa está próxima á liña das vocais tónicas [e] e [o], mentres que as vocais máis elevadas están na liña das vocais altas. A centralización é moi marcada na vocal non posterior, mentres que a vocal posterior arredondada se sitúa moi próxima á posición de [u] tónica. A elevación e a centralización son menores na situación final de enunciado (S3). Este comportamento xustifica para o portugués as transcricións [i], [e], [u] (e mesmo podería aconsellar representar como [ə] en certos casos a segunda delas).




Gráfico 13. Triángulo das vocais finais no galego de Vilalba respecto das vocais tónicas (contexto bilabial)

En comparanza cos datos do portugués, nas vocais galegas a elevación e a centralización é menor, a non ser na parte posterior, en que a vocal aparece máis centralizada (máis á esquerda de [u] tónico) do que o facía a correspondente portuguesa.

Naturalmente, o que se representa nestes triángulos son valores medios, o que implica unha xeneralización e, consecuentemente, unha simplificación da realidade fónica. Como afirma Martínez Celdrán (1998: 198), “los valores puntuales sólo sirven como valores de referencia y que lo que realmente tiene valor es el campo de dispersión y, sobre todo, los límites de este campo para cada una de las vocales”. En consecuencia, deberase ter en conta a dispersión de cada unha destas vocais:




Gráfico 14. Dispersión das vocais finais do galego de Vilalba respecto das vocais tónicas en posición medial e final (marcada con f) de enunciado

O gráfico 14 permite apreciar mellor a diversidade de realizacións destas vocais así coma a asimetría do comportamento das vocais máis altas, xa que na parte anterior sempre están máis achegadas ó centro do centro do triángulo, mentres que na parte posterior esta centralización non sempre se produce.

Naturalmente desta descrición derívanse consecuencias para a transcripción das vocais átonas do galego, posto que a maioría das realizacións da vocal anterior corresponden a unha vocal que podería ser transcrita como [ɪ], con variantes esporádicas que, nunha transcripción estricta poderían aparecer representadas como [ə] (e máis raramente [i] e [e]). A vocal máis baixa na maior parte dos casos elévase ata [ɐ] (con realizacións menos elevadas que poderían representarse como [a]), e a vocal posterior arredondada sitúase na zona de [ʊ], [o] (e con menor frecuencia [u]).

8. Conclusións

Os resultados desta descrición acústica confirman a existencia en galego (nas variedades populares) de procesos de elevación e de centralización das vocais átonas finais, especialmente en posición non final de enunciado fónico. Nesta última posición en cambio, é frecuente, incluso en textos lidos, a realización de vocais non voceadas. As vocais átonas resultantes deses procesos aproxímanse ás que aparecen no portugués, cando menos en falantes do norte de Portugal, aínda que a elevación xeralmente non é tan acusada nin a centralización da vocal non posterior (representada como [i] nos manuais de fonoloxía do portugués) é tan marcada. Outra diferenza relevante é o “apagamento” das vocais non baixas en posición interior de enunciado en portugués, proceso descoñecido para o galego. A realización [u], común en portugués para a vocal arredondada, non é frecuente en galego, que prefire variantes máis abertas e máis centralizadas. En consecuencia, estes resultados veñen a confirma-la proposta de Vidal Figueiroa (1997), que transcribía as vocais resultantes destes procesos como [ɪ], [ʊ] e [ɐ].

As repercusións que estes datos poidan ter para a representación fonética estándar das vocais átonas do galego deberá ser discutida con máis detalle e considerando non soamente as vocais en posición final, senón o vocalismo átono no seu conxunto. Parece claro, non obstante, que a práctica que se vén seguindo na fonética galega de representar estas vocais como [e] [a] [o] non está xustificada á luz dos datos expostos. Posiblemente se poida explicar en parte por imitación da práctica seguida na fonética española e en parte por percibir que o vocalismo átono galego non coincide co do portugués (o que se fai constar explicitamente nos manuais, como se viu máis arriba). Creo que tanto o traballo de Molinos Castro (2002) coma este mostran que, por riba das diferenzas existentes, o vocalismo átono do galego ten moito máis en común co do portugués (quitada a posibilidade de “apagamento” das vocais) ca non co do español, en que as diferenzas entre vocais átonas e tónicas son moito máis reducida (cfr. Navarro Tomás 1985: 46, e o triángulo acústico presentado en Martínez Celdrán 1984: 299).

Bibliografía citada

- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario. “O sistema fonolóxico do galego. Comparación co do portugués”. Dieter Kremer (ed.): *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Univ. de Trier, 1986)*. Vol. 3. Tübingen: Max Niemeyer, 1991. 517-530.
- CARBALLO CALERO, Ricardo. *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 1979⁷.
- CUNHA, Celso & Lindley CINTRA. *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: Sá da Costa, 1984.
- DUBERT GARCÍA, Francisco. *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de Verba. Santiago de Compostela, 1999.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón. *Gramática da lingua galega*. Vol. 1: *Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra, 1998.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino. *Temas de lingüística galega*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1985.
- KABATEK, Johannes. *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais, 2000. [Trad. de *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer, 1996].
- LADEFOGED, Peter & Ian MADDIESON. *The sounds of the world's languages*. Oxford: Blackwells, 1996.
- MARTÍNEZ CELDRÁN, Eugenio. *Fonética*. Barcelona: Teide, 1984.
- “En torno a las vocales del español: análisis y reconocimiento”, *Estudios de Fonética Experimental* 7, 1998: 195-218
- MATEUS, Maria Helena Mira & Ernesto D’ANDRADE. *The phonology of Portuguese*. Oxford: Oxford University Press, 2000.
- MATEUS, Maria Helena Mira et al. *Gramática da língua portuguesa*. Lisboa: Caminho, 2003⁵.
- MOLINOS CASTRO, Rita. “As vocais átonas finais en galego: estudio acústico”. *Cadernos de Lingua* 24 (2002): 55-91.
- NAVARRO TOMÁS, T. *Manual de pronunciación española*. Madrid: CSIC, 1985²².
- NESPOR, Marina & Irene VOGEL. *La prosodia*. Madrid: Visor, 1994. [Trad. de *Prosodic phonology*. Dordrecht: Foris, 1986].
- REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís. *A fala do Norte da Terra Cha: estudio descriptivo*. Tese de Doutoramento. Microforma. Santiago de Compostela: Universidade, 1989
- “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”. *Cadernos de Lingua* 10 (1994): 37-60.
- “Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega”. Benigno Fernández Salgado (ed.): *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies (Univ. of Oxford, 1994) / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Univ. de Oxford, 1994)*. Vol. 1. Oxford: Centre for Galician Studies, 1997. 179-194.
- “Estándar oral e variación social da lingua galega”. Rosario Álvarez & Dolores Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Vol. 1. Santiago de Compostela:

Universidade, 1999. 855-875.

— “Acerca de la estructura prosódica del texto: finales de enunciado en gallego”. Jesús Díaz García (ed.): *Actas del II Congreso de Fonética Experimental (Sevilla, 2001)*. Sevilla: Universidad, 1976. 301-306.

VIDAL FIGUEIROA, Tiago. “Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo”. *Verba* 24 (1997): 313-332.

Regueira, Xosé Luis. “Vocais finais en galego e en portugués: un estudio acústico”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

